



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)
correo@sansadurnino.dicoruna.es
R.E.L. n_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560-SAN SADURNIÑO
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

ANUNCIO

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o pasado día 3 de novembro de 2007, acordou aprobar provisionalmente a modificación ou reformulación das Ordenanzas Fiscais que seguidamente se indicarán. Exposta ó público a devandita aprobación provisional, mediante publicación de anuncio no BOP nº 258, do 8 de novembro de 2007, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha, mediante o presente publícanse os textos íntegros desas Ordenanzas Fiscais, que son os seguintes:

ORDENANZA FISCAL Nº 5, **REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVICIO DO** **SUBMINISTRO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE.**

Artigo 1º.- Fundamento e Natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 131.2 e 142 da Constitución e polo artigo 105 da Ley 7/1995, do 2 de abril, reguladora das Bases de Reximen Local, e de acordo co disposto nos artigos 15 ó 19 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa pola prestación do subministro domiciliario de auga potable, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, aténdose as súas normas ó previsto no artigo 20 -apartado 1, letra B) e apartado 4, letra t), e no artigo 58 da xa citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta Taxa a prestación do servico do subministro domiciliario de auga potable, a conservación de contadores e a súa reparación.

Artigo 3º.- Suxeitos Pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan usuarios do servico e as que resulten beneficiadas ou afectadas por dito servico.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servico.

Artigo 4º.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os Síndicos, Interventores ou Liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Bases de imposición e tipos de gravamen.

1.- As bases de imposición e tipos de gravame son os contidos nas seguintes tarifas:

Conceptos	Importe (Euros)
Cuota fixa	10

Consumo entre 0 e 40 m ³ cada catro meses	0,15/m ³
Consumo entre 41 e 60 m ³ cada catro meses	0,30/m ³
Consumo de máis de 61 m ³ cada catro meses	0,60/m ³
Dereitos de acometida	120

Polo referido ós dereitos de acometida, o importe indicado comprenderá a instalación polo Concello da chave de paso, ou colar e ata 15 metros de tubo. O resto das instalacións e obras necesarias serán de conta do usuario do servicio.

2.- As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ó consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 6º.- Exencións.

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente Taxa.

Artigo 7º.- Devengo.

Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicia a prestación do servicio.

Artigo 8º.- Liquidación e recadación.

1.- As tarifas anteriores serán liquidadas por períodos cuatrimestrais vencidos.

2.- O período voluntario de cobramento será de dous meses, a contar dende o día en que se poñan os recibos ó cobro. Transcorrido dito período sen se ter efectuado o ingreso, abrirase a vía de constriximento e reportarase o recargo do 20 por 100 da débeda non ingresada así como o dos intereses de demora correspondentes a este, computándose no seu caso, como pagos a conta, as cantidades pagadas fóra de prazo.

3.- Este recargo será do 10 por 100 cando a débeda non ingresada se satisfaga antes de que fose notificada ó debedor a providencia de constriximento, e non se esixirán os intereses de demora reportados dende o comezo do período executivo.

Artigo 9º.- Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó previsto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e disposicións concordantes.

Artigo 10º.- Remisión o Regulamento do Servicio.

En todo o non especialmente previsto nesta Ordenanza estarase ó disposto no Regulamento do Servicio Municipal de Abastecemento domiciliario de auga potable de San Sadurniño.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.